



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN NA BOLSA DE OFICIAIS TRACTORISTAS

D/D^a _____, con DNI n.º _____,
domicilio para notificacións en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____,
idade ____ anos, enterado/a da convocatoria para a confección dunha bolsa de traballo para
contratación temporal de tractoristas municipais (BOP 8-5-2020), con previsión de contratación
no 2020 do 1-6 ao 31-10.

SOLICITO:

1. Que se me admita ao proceso selectivo da bolsa municipal de tractorista, polo que declaro que
reúno todos os requisitos establecidos na base 5^a.

2. Que na valoración da miña solicitude se teñan en conta os seguintes méritos:

☐ experiencia de traballo profesional (contratos, certificados empresa e informes vida laboral).

☐ permiso de conducir.

☐ coñecemento do termo municipal de Irixoa: residencia no lugar de _____ n.º __,
parroquia _____.

☐ nivel de coñecemento do galego (acreditación CELGA).

Aporto xustificante do pago dos dereitos de exame: 10 €.

INGRESO n conta IBAN: ES02 2080 0092 1631 1000 0018

☐ Acóllome á opción de realizar un exame de coñecemento do municipio.

☐ Xa participei en probas selectivas deste concello nos anos 2017, 2018 ou 2019.

Situación laboral actual: ☐ non teño traballo

☐ teño traballo pero interésame a mellora do emprego

Declaro que son certos os datos declarados e que poden xustificarse documentalmente. Acepto as
condicións de acceso, de xestión e funcionamento da bolsa.

OBSERVACIÓNS:

Irixoa, ____ de maio de 2020
O/A solicitante

Sr. alcalde
CONCELLO DE IRIXOA



CONCELLO DE IRIXOA(A CORUÑA)

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS - PARA INSTANCIA XENÉRICA

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE IRIXOA, con dirección PAZO DE IRIXOA Nº 6 A, 15513 - IRIXOA (A CORUÑA); correo@irixoa.es.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE IRIXOA é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@irixoa.es.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e sempre que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

4.-destinatarios de cesións Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos negociados do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG's...) colaboradoras do CONCELLO DE IRIXOA directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios de cada negociado.
- Concellos distintos do CONCELLO DE IRIXOA, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa Administración Pública Local.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xurisdiccionais, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE IRIXOA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en correo@irixoa.es, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

SINATURA: _____



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 4-5-2020 (CONVOCATORIA BOP 8-5-2020)
ANEXO

BASES PARA SELECCIÓN LISTAXE DE ASPIRANTES A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRACTORISTAS

1ª. OBXECTO: Estas bases teñen por obxecto regular o sistema de selección para a confección da listaxe de aspirantes de tractoristas para a formalización de contratos laborais de duración determinada de persoal laboral temporal; adóptase un procedemento áxil con respecto dos principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade; o obxecto da listaxe é atender as necesidades que teña o concello, desta clase de persoal, para a prestación de servizos municipais, programas ou plans de emprego e outros, ben financiados por outras administracións ou ben con financiamento propio.

Os servizos terán autonomía e substantividade propia dentro da actividade normal da empresa.

En principio está prevista a provisión temporal de 4 prazas de "tractoristas" (oficial 1ª), coas seguintes características:

- XORNADA: 6 horas diarias, en principio de luns a venres, en xornada continuada.
- DURACIÓN: do 1 de xuño ata o 31 de outubro de 2020.
- TAREFAS: desbroce de pistas, terreos e instalacións municipais con tractor dotado de desbrozadora acoplada.
- RETRIBUCIÓN: 950 euros brutos ao mes, no que se inclúen todos os conceptos retributivos, entre outros o prorrateo de pagas extras.


A convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio-resumo no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios municipal, taboleiro de anuncios electrónico, bandomóvil e na páxina web do concello: www.irixoa.es.

Co resultado do proceso selectivo confeccionarase a listaxe de aspirantes, por orde de puntuación, procedéndose, no seu momento, á súa contratación de forma correlativa e decrecente, en función das necesidades que xurdan.

A listaxe terá unha vixencia de 4 anos, a contar dende a data de aprobación pola Alcaldía; non obstante, poderá prorrogarse por un máximo de 6 meses se ao término da vixencia inicial non se aprobara a lista substitutiva.

2ª. REQUISITOS: Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) ser español, ou cidadán de calquera país da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- b) non padecer defecto o enfermidade física ou psíquica que impida o correcto exercicio das funcións establecidas.
- c) dispoñer do permiso de condución do tipo B (mínimo).
- d) acreditar ter traballado de tractorista coa categoría de oficial de 1ª un mínimo de 3 meses completos, computados en data posterior ao 1-1-2010 (para ser computable a xornada non deberá ser inferior a 20 horas semanais).
- e) no ter sido separado da función pública por procedemento administrativo ou xudicial.
- f) non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e da función pública.
- g) ter pagados os dereitos de exame do proceso, que se establecen en 10 euros.



h) informe de vida laboral completo e actualizado.

3ª. INSTANCIAS: Os interesados presentarán instancia para tomar parte na convocatoria, debendo manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª, con prazo dende o día 11 ao 20 de maio de 2020, en horario público de 9:00 ás 14:00 horas (registro telemático permanente en sede electrónica). Poderán, así mesmo, remitirse as instancias na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, coa anticipación suficiente para que chegue ao concello antes do 21-5-2020. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude. Noutro caso, só a data de inscrición da instancia no rexistro xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Á instancia axuntarase fotocopia do DNI ou tarxeta de residente, así como xustificante do ingreso dos dereitos de exame, fotocopia do permiso de condución e da documentación que xustifique os méritos e requisitos. A documentación que se presente deberá estar ordenada sistematicamente e numerada correlativamente.

4ª. LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS: O 21-5-2020 acordarase por resolución da Alcaldía a admisión e exclusión de candidatos/as e publicarase inmediatamente a lista de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web municipal. Durante o prazo dos 2 días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións a tal lista, que serán resoltas por resolución da Alcaldía no día hábil seguinte ao remate do dito prazo; no caso de non presentarse reclamacións a lista inicial converterase en definitiva de xeito automático. O resultado, no caso de que houberse reclamacións, publicarase inmediatamente no taboleiro de anuncios do concello.

5ª. SELECCIÓN: O día 27 de maio de 2020 constituirase o tribunal calificador para realizar os seguintes cometidos do proceso:

- a) valorar os méritos alegados de acordo coa base 6ª.
- b) realizar unhas probas aos aspirantes que as necesiten, ás 10:00 horas de acordo coa base 7ª, á cal quedan convocados os mesmos coa mera presentación da instancia, sen prexuízo de que se especificará a convocatoria na lista de admitidos.
- c) resolver as reclamacións escritas dos interesados en relación aos apartados anteriores, que terán que ser presentadas no mesmo día das actuacións.

6ª. TRIBUNAL: O Tribunal calificador estará composto polas seguintes persoas, con voz e voto:

- Presidente: Alejandro Alonso Figueroa, secretario-interventor do Concello de Irixoa e licenciado en dereito.
 - Vogal: Juan Amado Cachaza, persoal do Concello de Vilarmajor; ou un outro empregado cualificado dos concellos da comarca, designado pola Alcaldía do Concello de Irixoa, no suposto de imposibilidade do anterior.
 - Secretario: José Fernando Espada Orgeira, funcionario do Concello de Irixoa.
- Suplentes: Úrsula de la Barrera Fernández (orientadora laboral) do Concello de Irixoa (presidente); Juan Carlos Golpe Acuña, persoal laboral, (vogal); e Mª. Isabel Bouzón López, persoal laboral fixo do Concello de Irixoa (secretaria).

Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia mínima de 2 membros, titulares ou suplentes, indistintamente (mínimo presidente e secretario). Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases.

7ª. CRITERIOS DE SELECCIÓN: Os aspirantes alegarán os seus méritos e acompañarán coa solicitude os documentos que os acrediten, que se valorarán de acordo ao seguinte baremo:

- A- Pola experiencia profesional no posto de tractorista, nos ámbitos descritos na base 1ª, a xuízo do órgano de selección, con contrato laboral ou como funcionario/a en cada categoría, poderá



concederse até un máximo de 8 puntos, a razón de 0,20 puntos por cada mes completo, computado a xornada completa; tan só se terá en conta a experiencia posterior ao 1-1-2010. A experiencia profesional xustificárase mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que se especifican os días cotizados en cada contrato, para valorar e puntuar a experiencia laboral. Dito informe irá acompañado dos contratos de traballo correspondentes, e dun documento aclaratorio no caso de que non especificasen o seu obxecto con claridade e precisión, e as súas prórrogas, no seu caso, ou un certificado da empresa ou un expedido pola administración correspondente.

B- Pola proba escrita tipo test de 20 preguntas, cunha duración máxima de 20 minutos, sobre dos aspectos teórico-prácticos e organizativos do traballo a desenrolar, con puntuación máxima de 5 puntos. As respostas incorrectas terán unha penalización de 0,10 puntos. Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 2 puntos. Os aspirantes que conten coa probas realizadas en convocatorias similares deste concello nos anos 2019, 2018 ou 2017 non realizarán esta proba e para a súa valoración computárase a media das puntuacións obtidas nesta proba, salvo que teñan unha media inferior a 3 puntos.

C- Pola proba práctica que determinará o tribunal, versando sobre cometidos manuais, en espacial o desbroce de pistas, na que se valorará a idoneidade e destreza dos aspirantes coa maquinaria, con puntuación máxima de 5 puntos. Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 2 puntos. Os aspirantes que xa conten con probas deste tipo realizadas terán a valoración indicada no parágrafo anterior.

D- Polo coñecemento do municipio poderán concederse até 5 puntos. Entenderase que a persoa solicitante coñece o termo municipal de xeito suficiente no suposto de que se encontre empadroado no concello de Irixoa cunha antigüidade mínima de 3 anos, neste caso outorgaráselle 1 punto. Así mesmo, entenderase que este coñecemento aumenta en función da antigüidade do empadramento continuo no concello e outorgaráselle unha maior puntuación por cada 2 anos máis de empadramento que se acredite de acordo coa seguinte táboa:

Antigüidade do empadramento	Puntos
>5 anos	2
>7 anos	3
>9 anos	4
>11 anos	5

As/os aspirantes que non poidan acreditar o seu coñecemento do termo municipal na forma indicada poderán realizar unha proba escrita para acreditalo, se así o solicitaren expresamente, que se valorará de 0 a 5 puntos.

E- Por estar en posesión de permisos de conducir de nivel superior ao requirido valorarase ata 5 puntos:


- permisos do grupo C: 2 puntos.
- permisos do grupo D: 4 puntos, non acumulativos co anterior.
- permisos que inclúan unha categoría E: 1 punto.

F- Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose o de maior nivel acreditado e concedéndose validez soamente aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación Universitaria, poderanse conceder un máximo de 4 puntos, valorando:

- Ata o Celga 2: 1 puntos.
- Ata o Celga 4 ou superior: 2 puntos.

Se os documentos acreditativos de calquera dos méritos alegados ofrecen dúbidas, non se terán en conta os méritos que se pretendan acreditar. Non se terán en conta os méritos que non se alegasen ou que non estean documentalmente acreditados. O órgano de selección poderá acordar a práctica das probas ou entrevistas, para aclaración de conceptos, comprobación documental, etc., que estime convenientes.

Neste caso, a orde de actuación será a alfabética.



8ª. SELECCIÓN: O órgano de selección emitirá a acta coa proposición á Alcaldía da aprobación da listaxe dos candidatos seguindo a orde de puntuación obtida. A puntuación final do proceso virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas por cada un dos méritos alegados e das probas realizadas e valoradas, sendo a puntuación máxima total de 30 puntos. En caso de empates, estes resolveranse a favor dos aspirantes que maior puntuación obtivesen nos apartados relativos á 1ª- experiencia profesional, 2ª- proba práctica e 3ª- proba escrita; no caso de persistir, o órgano de selección efectuará un sorteo no momento. A orde definitiva dos aspirantes seleccionados virá determinada pola puntuación obtida ao final do concurso-oposición, sendo necesario obter un mínimo de 12 puntos para integrarse na listaxe.

Entre o 25 e 26-5-2020 acordarase por resolución da Alcaldía a listaxe de integrantes e a súa correspondente valoración, publicándose no taboleiro de anuncios municipal, taboleiro de anuncios electrónico e na páxina web municipal. Durante o prazo dos 2 días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións a tal lista, que serán resoltas por resolución da Alcaldía no día hábil seguinte ao remate do dito prazo; no caso de non presentarse reclamacións a lista inicial converterase en definitiva de xeito automático. O resultado, no caso de que houbo reclamacións, publicarase inmediatamente no taboleiro de anuncios do concello.

A listaxe definitiva de aspirantes será aprobada por resolución da Alcaldía con data do 29-5-2020 e publicarase na páxina web do concello, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios electrónico para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e aos demais interesados. Contra a resolución aprobatoria da listaxe definitiva, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo, así como potestativamente o recurso de reposición, segundo o que dispón a normativa vixente.

9ª. CHAMAMENTOS: As incorporacións dende a lista de reserva para prestar servizos realizaranse por orde decrecente, segundo a puntuación alcanzada no proceso selectivo polos aspirantes.

Os chamamentos realizaranse polo concello a través do teléfono, fax ou correo electrónico declarados polos integrantes. Terá que constar no expediente, mediante anotación e coa confirmación do fax remitido ou correo electrónico. O candidato chamado presentarse no prazo de dous días naturais, salvo que o chamamento estableza outro diferente. No suposto de rexeitar a proposta telefonicamente ou de non comparecer no prazo sinalado, farase constar no expediente mediante dilixencia ao efecto.

No caso de que os integrantes que foran obxecto de chamamento estivesen prestando servizos para o concello, de oficio apreciarse a improcedencia do seu chamamento, e se lle respectará a orde que lle corresponda unha vez finalizara a contratación ou nomeamento que imposibilitou o novo chamamento.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos aos efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar ao concello calquera variación dos mesmos. A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos seguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaren ao posto, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán os seus dereitos, pasando a ocupar o último lugar das listas. Si se realiza un novo chamamento dentro do prazo de 1 ano, os/as que sendo chamados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciaren ao posto novamente, serán excluídos definitivamente da lista. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente pola Alcaldía.

- Se o aspirante ao que corresponda non puidera ser contratado por algunha causa xustificada, motivadamente apreciada pola Alcaldía, conservará a súa orde na listaxe. No caso contrario, será excluído dela.

- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez contratado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da listaxe.

Os aspirantes contratados, logo de finalizar un período de contratación máximo de 12 meses,



pasarán ao final da listaxe.

10ª. INCORPORACIÓN: O aspirante que figure na listaxe de reserva, unha vez requirido polo concello, e no prazo máximo de tres días, presentará a documentación que acredite que posúe as condicións e reúne os requisitos esixidos na convocatoria, salvo aqueles que presentara previamente xunto coa solicitude. O aspirante que, dentro do prazo indicado, achegase a documentación esixida, será nomeado, por resolución da Alcaldía, persoal laboral temporal do concello para o cargo para o que foi seleccionado e, previa sinatura do correspondente contrato (baixo a modalidade de duración determinada que se requira ao efecto, tendo en conta a causa e os prazos previstos na lexislación laboral) e alta na Seguridade Social, haberá de incorporarse ao seu posto.

Quen dentro do prazo de tres días indicado, salvo causa de forza maior, non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incorrer por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

11ª. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS: De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se se poñen en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

12ª. RÉXIME XURÍDICO: En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas;
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.


13ª. IMPUGNACIÓN: A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Contra este acto que pon fin a vía administrativa, poderase interpor:

- potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.
- o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de devandita publicación.
- sen prexuízo de interpor os recursos que se estimen máis axeitados polos interesados.

Irixoa, 8 de maio de 2020

O secretario


Alejandro Alonso Figueroa

